



## FICHA RESUMO

<b>Ano</b>	2011	PE410A 2011/1-1
<b>Entidade</b>	CONFRARIA DO PINDO	
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	POLIQUETOS	
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	RECURSO ESPECÍFICO	
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	A PÉ	

<b>Especies</b>	<i>Lumbrineris impatiens</i> , <i>Arenicola marina</i> , <i>Hediste diversicolor</i> , <i>Diopatra neapolitana</i>
<b>Ambito do plan</b>	Da desembocadura do río Xallas ata a desembocadura do río Larada
<b>Subzonas de explotación</b>	Zona 1: praia de San Pedro (CM-039) Zona 2: punta do Portiño e praia de Cornabecerra (CM-040) Zona 3: praia de Area Branca (CM-041)

Participantes no plan de explotación		
<b>Número de permex/persoas autorizadas</b>		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
4	-	-
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>		<b>Si</b>
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
3	-	-

Calendario de explotación											
<b>Días máximos de extracción</b>		(*) 159 (do 16 de marzo ao 31 de outubro)									
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b>											
<b>Modalidade<sup>(3)</sup>: a pé</b>											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	Dec
		X	X	X	X	X	X	X	X		

Topes de captura <sup>(6)</sup>			
Especies	A pé (indiv/mariscador/día)	Embarcación	Tripulante/ Habilitación
<i>Lumbrineris impatiens</i>	800 (total)	-	-
<i>Arenicola marina</i>		-	-
<i>Hediste diversicolor</i>		-	-
<i>Diopatra neapolitana</i>		-	-

<b>Artes a empregar</b>	A man, sacho, pá ou forquita
-------------------------	------------------------------

<b>Puntos de control</b>	Zona 1: praia de San Pedro Zona 2: portiño de Quilmas Zona 3: praia de Area branca
<b>Puntos de venda</b>	Venda directa a empresas do sector



## Outras consideracións

**Participantes:** O número de mariscadores autorizados para traballar neste plan é de 4, todos en posesión do permiso de marisqueo a pé exclusivo para poliqueto.

**Ampliación:** Autorízase a ampliación en 3 do número de permisos de marisqueo a pé para poliquetos de xeito que se cubra a praza que quedou vacante na oferta do ano 2010 e se incrementen outras dúas prazas. A selección das persoas candidatas farase aplicando o baremo aprobado pola Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños.

**Xestión da explotación:** Establécense tres zonas de traballo que serán explotadas de xeito rotativo, indicando a zona a traballar na solicitude de apertura mensual.

**Puntos de control:** Establécese un punto de control por cada zona de traballo, no que se comproba o cumprimento das normas do plan. Os responsables do punto de control serán os propios mariscadores de xeito rotativo. As quendas do control acordaranse antes do inicio da actividade neste plan de explotación. O paso polos puntos de control é obrigatorio para todos os participantes do plan.

**Remisión de datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, polo que deberán remitir regularmente a información necesaria para o seguimento da explotación ao Departamento Territorial da Consellería do Mar de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

**Recomendacións para a mellora do plan:**

- Recoméndase un maior esforzo na realización do plan financeiro no que se recollan os gastos que se xeneran no desenvolvemento deste plan.
- Recoméndase elaborar as normas de funcionamento dos puntos de control.